

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES E MOCIDADE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ó día **15 de febreiro de 2018**

ASISTENTES:

PRESIDENTE: D. Manuel Doval Soto DEPUTADOS/AS: D. ^a Consuelo Vispo Seara D. José Antonio Feijóo Alonso D. Antonio Montero Fernández D. Miguel A. Cid Álvarez D. ^a M. ^a Teresa Cerdeira Valiñas D. Vicente Gómez García D. Adolfo González Nóvoa D. ^a Susana Rodríguez Rodríguez D. Armando Ojea Bouzo D. Ramiro Rodríguez Suárez SECRETARIO: D. Francisco Cacharro Gosende INTERVENTORA ACCTAL.: D. ^a Begoña Álvarez Matos	No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o 15 de febreiro de 2018 , ás 18.00 horas, baixo a presidencia de don Manuel Doval Soto e con asistencia dos señores/as á marxe relacionados, reúnese a expresada comisión informativa, co fin de proceder á preparación e estudo dos asuntos que se indican, adoptándose os seguintes ditames:
---	---

1º.- ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 18 DE XANEIRO DE 2018.-

En relación coa acta da reunión anterior, correspondente á ordinaria do día 18 de xaneiro de 2018, non se formulan observacións e queda aprobada por unanimidade.

2º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

O presidente da comisión informa neste punto de que mañá a Xunta de Goberno aprobará as bases do 5º premio do Estatuto de Autonomía de Galicia para escolares.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, di que o seu grupo tivo coñecemento de que hai material deportivo da Deputación Provincial de Ourense que se está utilizando no balneario de Laias e pide que se lle informe en que concepto (préstamo, cesión, depósito) se está utilizando o dito material alí.

O presidente da comisión di que se lle informará por escrito.

D.ª Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista, pregunta que tipo de relación teñen os monitores deportivos do Pazo dos Deportes Paco Paz coa Deputación.

O Sr. secretario di que se trata de persoal laboral, tras a recente declaración por sentenza xudicial da laboralidade do vínculo das persoas que prestaban servizos mediante contrato administrativo.

D.ª Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista, di que a Deputación lle solicitou ao Concello de Ourense a cesión da Casa da Maxia para fins museísticos, e pregunta que museo se pretende establecer alí.

O presidente da comisión di que se lle contestará por escrito.

E non habendo máis asuntos que tratar, ás 18.05 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta, que asinan o presidente e o secretario. Certifico.